



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES DO XVII CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA PARA O ANO 2023

Expte. Admvo.: 2023/X999/000030

Expte. Decreto: 2023/G003/000635

ANTECEDENTES

Vista a proposta que formula a Concellería de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura, para a celebración do XVII CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA GARCÍA para este ano 2023 que literalmente se transcribe:

“PROPOSTA DE BASES DA CONCELLEIRA DELEGADA DE COMERCIO, HOSTALARÍA, TURISMO E CULTURA

Asunto: XVII CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA GARCÍA

Expte. Admvo. Núm.: 2023/X999/000030

*Coa intención de continuar favorecendo o coñecemento e a aproximación á figura do histórico poeta local Antón Zapata García, así como coa finalidade de promover a creación literaria na súa vertente poética como parte importante do noso patrimonio cultural, O DEPARTAMENTO DE CULTURA deste concello, propón a que vén a ser a **DÉCIMO SÉTIMA EDICIÓN DESTE CERTAME DE POESÍA**, con arranxo ás seguintes*

BASES REGULADORAS

Primeira.- PARTICIPANTES e CATEGORÍAS.

- 1. Poderá participar no certame calquera persoa que así o desexe, podendo presentar un máximo de 2 poemas candidatos na categoría que corresponda.**
- 2. As categorías estrutúranse en función da idade do/as autores e autoras, e son as seguintes:**
 - a) CATEGORÍA INFANTIL: ata os 11 anos**
 - b) CATEGORÍA XUVENIL: dos 12 ós 25 anos**
 - c) CATEGORÍA ADULTA: a partir dos 26 anos.**

Segunda.- REQUISITOS DOS POEMAS.

- 1. FORMATO: os poemas presentaranse en FOLIO DIN A4 preferentemente mecanografado aínda que tamén se admitirán escritos a man, sempre e cando estes sexan lexibles na súa totalidade.**
- 2. O poema debe ter un TÍTULO e ser ASINADO CUN PSEUDÓNIMO, que cada persoa participante elixirá libremente. En ningún caso o nome da persoa autora poderá aparecer no mesmo documento do poema, de cara a garantir de forma xeral o anonimato na autoría de cada un dos poemas presentados e, en especial, durante o proceso de votacións para que estas sexan o máis obxectivas posibles.**
- 3. A TEMÁTICA é de carácter libre. Serán excluídos do certame aqueles que empreguen termos ofensivos, malsoantes ou que poidan vulnerar os dereitos fundamentais de calquera ser vivo.**
- 4. EXTENSIÓN: mínimo de 20 e máximo de 150 versos.**
- 5. IDIOMA: de maneira preferente, escribíranse en lingua galega conforme á normativa vixente, aínda que, de maneira opcional, tamén se admitirá a súa presentación en lingua castelá para aquelas persoas de fóra de Galicia e sen competencias lingüísticas no idioma galego.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

6. Deben de ser **ORIXINAIS, INÉDITOS e NON PREMIADOS** noutras edicións deste certame ou de calquera outro certame de carácter literario.

- Non se poderá participar tampouco con poemas que teñan algún compromiso de publicación con algunha editorial.
- No caso de que se comprobe que o poema é un plaxio ou que incumpre algúns dos requisitos da convocatoria, o Concello de Laxe retirarao do Certame, podendo incluso retirar o premio outorgado no caso en que este dato se obteña con posterioridade.
- O Concello de Laxe non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que puideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que puideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

Terceira.- FORMAS DE PRESENTACIÓN DOS POEMAS E PRAZOS.

1. Remítanse preferentemente, **DE FORMA TELEMÁTICA, a través da sede electrónica municipal** (<https://sede.laxe.es>).

Tamén se admitirá o seu envío **POR CORREO POSTAL** dirixido ó Departamento de Cultura do Concello de Laxe: Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, 15117, Laxe (A Coruña). Neste caso, será **requisito imprescindible o adianto de toda a documentación remitida por correo postal por correo electrónico** dirixido a cultura@concellodelaxe.com. Xunto con esta documentación, deberá de achegarse un xustificante do envío realizado a través correo postal. Este correo electrónico deberá de remitirse necesariamente dentro dos prazos establecidos para calquera tipo de presentación de poemas.

Tamén se admitirá a entrega presencial na Casa do Concello en horario de 09.00 a 13.00 horas achegando a documentación requirida xunto cun impreso de solicitude xeral no que soliciten participar no certame.

2. **PRAZOS.** O prazo de presentación de poemas dará comezo o **mesmo día da publicación das bases na web municipal e A DATA LÍMITE PARA O ENVÍO/ENTREGA destes será o VENRES 18 DE AGOSTO do 2023 ás 13.00 horas.**

Non se admitirán ó certame, aqueles poemas recibidos fóra desta data, coa excepción daqueles que cheguen por correo postal, sempre e cando, no sobre de envío, figure a data na que se entregou nas oficinas de correos, e esta sexa anterior á data límite establecida nestas bases para o seu envío.

Cuarta.- REQUISITOS DO ENVÍO DE POEMAS:

1. No caso do **ENVÍO TELEMÁTICO** deberá empregarse o **procedemento de “solicitude xeral” da sede electrónica municipal** e lembramos que para poder realizar dito trámite é preciso que a persoa que o realice posúa un certificado dixital ou similar que acredite a súa identidade de xeito electrónico. Neste caso, xunto coa instancia de solicitude, deberán achegarse en formato .pdf o/s poema/s e unha copia do DNI, NIE ou pasaporte tanto da persoa que presenta a solicitude, no caso de un terceiro autorizado, así como da persoa que participa como autora das composicións literarias.

Na instancia de SOLICITUDE XERAL deberán indicar: os **DATOS DA PERSOA SOLICITANTE E PARTICIPANTE** no certame e **facen constar o seu desexo de participar no XVII Certame de Poesía Antón Zapata García, especificando neste impreso o/s título/s do/s poema/s presentado/s e o pseudónimo cos que este/s virá/n asinado/s.**

No caso das persoas menores de idade, a presentación deberá realizala o pai, nai ou titor legal do mesmo/a.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

2. No caso da ENTREGA PRESENCIAL OU de ENVÍO POR CORREO POSTAL, os poemas e datos persoais deberanse remitir e/ou entregarse no interior dun sobre DIN A4. Neste sobre de envío ou entrega, deberá indicarse o seguinte:

- **No espazo reservado ó destinatario, indicarse en letras maiúsculas “XVII CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA” xunto coa a categoría á que se presenta (infantil, xuvenil ou adulta) e o enderezo do Concello de Laxe (Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26. 15117 Laxe). No espazo reservado ó remitente, escribirase soamente o pseudónimo ou “falso nome” elixido polo autor ou autora do/s poema/s, non debendo aparecer en ningún caso o nome real do/a escritor/a neste sobre de envío.**

Xunto co/s poema/s e o sobre, deberá entregarse ou remitirse:

- **Unha COPIA DO DNI, NIE OU PASAPORTE da persoa que participa no Certame.** No caso dos menores de idade, COPIA DO DNI, NIE ou PASAPORTE do pai, nai e/ou titor/a legal.
- **Unha “INSTANCIA DE SOLICITUDE XERAL” do CONCELLO DE LAXE,** na que deberán indicar: os DATOS DA PERSOA SOLICITANTE E PARTICIPANTE no certame, e na que fagan constar o seu desexo de participar no XVII Certame de Poesía Antón Zapata García, sinalando, en todo caso, o/s título/s do/s poema/s presentado/s e o pseudónimo cos que este/s virá/n asinado/s.

Esta instancia pode ser descargada tanto da sede electrónica municipal ou ben solicitada nas Oficinas Xerais da Casa do Concello de maneira presencial.

Quinta.- DO XURADO:

1. O Departamento que instruirá o procedemento será a Concellería delegada de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura do Concello de Laxe.

2. O xurado estará formado por 3 persoas traballadoras do Concello de Laxe vinculadas á Concellería delegada, encargadas de elixir por votación individual, dous posibles poemas gañadores para cada unha das categorías do certame.

3. A RESOLUCIÓN DO XURADO será secreta e dela estenderase a acta correspondente pola Concelleira de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura do Concello de Laxe, que exercerá como secretaria do xurado e que será trasladada á alcaldía para que dite Resolución de nomeamento das persoas gañadoras do certame.

4. O fallo do xurado é inapelable, e, en todo momento, prevalecerá o seu criterio sobre calquera outro. Sempre e cando ningún dos poemas presentados non reúnan un mínimo de estándares de calidade, non se remitan dentro de prazo establecido, ou non respecten os requisitos sinalados nestas bases, o xurado **poderá declarar deserto o premio en calquera das categorías.**

Sexta.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

1. O xurado realizará a avaliación das obras presentadas, atendendo, como mínimo ós seguintes criterios:

- a) a calidade artística e técnica, tendo en conta a riqueza expresiva da linguaxe, a coherencia no desenvolvemento desta e a comprensión do fío condutor,
- b) o interese literario da obra e a súa contribución ao patrimonio cultural lingüístico do noso concello,
- c) a vinculación e inspiración nas temáticas tratadas polo autor homenaxeado no Certame, Antón Zapata, e
- d) de maneira complementaria, valorarase tamén a ilustración da creación poética.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Sétima.- RESOLUCIÓN DO CERTAME E PUBLICIDADE:

1. A decisión do xurado **farase pública o sábado 26 de agosto durante a celebración do XVII Solpor Poético a partir das 20.30 horas.**
2. Con posterioridade á celebración de dito acto, o nome e apelidos das persoas gañadoras, así como as obras premiadas poderán ser publicadas tanto na páxina web municipal, así como nas redes sociais e demais medios de difusión coas que conta o Concello de Laxe.

Oitava.- PREMIO:

A cada unha das persoas gañadoras, ademais de outorgarlles un **DIPLOMA E AGASALLO INSTITUCIONAL** que acredite a súa condición de gañador/a, **FARÁSELLES ENTREGA DUN LOTE DE MATERIAIS VINCULADOS Á LECTURA E Á ESCRITURA POR VALOR DE 100€.**, elixidos especificamente por cada persoa gañadora,

Os diplomas e vales serán entregados no acto público do sábado 26 de agosto deste 2023, ó que deberán comparecer as persoas gañadoras e, no seu defecto, representante que designen mediante a correspondente autorización.

No caso dos materiais de lectura e escritura, será a propia persoa premiada, quen, acompañada do seu DNI e vale outorgado, quen deberá personarse na única LIBRERÍA E PAPELERÍA do Concello de Laxe, a LIBRERÍA E PAPELERÍA “TORRE PENEDO DE LAXE” para recoller os seus materiais.

O **prazo máximo** para facer esta **recollida** será o **31 de OUTUBRO DO 2023**. No caso de non recoller ditos materiais dentro do prazo máximo establecido, o Concello de Laxe entenderá que a persoa premiada desiste do seu premio.

Os **premios** outorgados son **de carácter nominativo** e por tanto, teñen carácter **persoal** e son **intransferible** a terceiras persoas ou outras entidades.

Os **premios outorgados** serán comunicados á **Axencia Estatal Tributaria tal e como requira a lexislación vixente** en cada momento.

Novena.- DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE:

1. Os **datos persoais das persoas participantes** serán empregados, **unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este certame. O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como a fotografía da persoa no momento da recollida e entrega do premio do concurso, faranse públicos** para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe.

Consonte ao disposto na Lei e o Regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este certame, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa participación no certame. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

2. As **obras que se presenten ó certame, pasarán a formar parte do arquivo literario do Concello de Laxe e enriquecerán o patrimonio cultural municipal.** Este concello resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación de ditas obras sin que medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda. En ningún caso serán esixibles dereitos de autor por parte do escritor ou escritora da obra.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (Artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Décima.- En todo o non previsto nestas bases, a equipa de goberno municipal será quen decida.

Undécima.- A PARTICIPACIÓN no certame, implica a **TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES.**

En Laxe, na data da sinatura á marxe. A Concelleira de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura, Raquel Lema Allo.”

Visto o informe de existencia de crédito favorable para a entrega de premios do XVI Certame de Poesía Antón Zapata García emitido pola secretaría-intervención municipal con data do 19/07/2023.

Na súa virtude, esta alcaldía,

RESOLVE:

Primeiro: Aprobar a proposta do Departamento de Cultura para a celebración do XVII Certame de Poesía Antón Zapata García.

Segundo: Autorizar e dispor o gasto por importe total de 300,00€ (IVE incluído) con cargo á partida orzamentaria, 2023.334.480.00 do orzamento municipal do exercicio 2023, prorrogado do exercicio do 2022.

Mándao e asínao, en Laxe o alcalde, do que eu secretario acumulado dou fe.

O alcalde,

José Luis Pérez Añón

O secretario – interventor acumulado,

Francisco Javier Novoa Juiz